

ALCALDIA

Atención aos veciños e Matrimonios Cívís

Alcaldía: atención aos veciños

Casa do Concello
Rúa Oriente, nº 11 – 1ª andar
36880 A Cañiza (Pontevedra)
Tel.: 986 651000 – 986 651001 – 986 651503
Fax: 986 651190
Horario de atención: de luns a venres de 10:00 a 14:30 horas
Sábados: con cita previa

Matrimonios cívís

Casa do Concello: Alcaldía
Rúa Oriente, nº 11 – 1ª andar
36880 A Cañiza (Pontevedra)
Tel.: 986 651000 – 986 651001 – 986 651503
Fax: 986 651190
Horario de atención: de luns a venres de 10:00 a 14:30 horas

Celebración de matrimonios cívís,

Dirixido as persoas que desexen promover e celebrar matrimonio civil no concello de A Cañiza

Requirimentos Para celebrar matrimonio civil no Concello de A Cañiza deberá:

1. Tramitar a solicitude no Rexistro Civil que corresponda ao lugar de empadramento dalgún dos contraentes.

No Rexistro Civil indicaranlles a documentación que deben aportar para iniciar a tramitación.

(Os datos do Rexistro Civil de A Cañiza son: Edificio Xulgado, rúa Progreso, nº 51 baixo. C.P.36880. Teléfono 986651004)

2. Solicitar data de voda no Concello de A Cañiza (Alcaldía), aportando os seguintes documentos:

- Copia da súa solicitude ante o Rexistro Civil, con selo de entrada do mesmo.
- 2 copias dos DNI dos contraentes e 2 copias dos DNI das testemuñas

Debe saber:

1. Na data e hora sinalada para a celebración do matrimonio, persoal do Concello recibirá aos contraentes, testemuñas e invitados, invitándolles a acceder ao Salón de Plenos do Concello, sito no 2º andar da Casa Consistorial. Unha vez acomodados no mesmo fará acto de presenza o Alcalde ou Concelleiro Delegado, que presidirá a cerimonia e autorizará o matrimonio.

2. Permitirase a colocación de adornos florais e actuacións musicais no Salón, sempre que non causen danos. Dende o inicio e durante a cerimonia poderán realizarse reportaxes fotográficas ou gravacións de vídeo. A duración da cerimonia é de aproximadamente 15 minutos.

3. Durante o tempo da cerimonia unicamente os vehículos dos contraentes (2) terán reservado un espazo de aparcamento preto da Casa Consistorial, no lugar que lle indique o

persoal do Concello.

4. A celebración farase en galego ou castelán, segundo elección dos contraentes.

5. Celebrado o matrimonio, o Concello de A Cañiza remitirá o acta de matrimonio ao Rexistro Civil de A Cañiza para a súa inscrición, o cal expedirá o correspondente Libro de Familia.